

CONSIDERACIÓNS

Panorama xeral

A área funcional da Mariña lucense está composta por 3 comarcas, (a Mariña Central, a Mariña Occidental e a Mariña Oriental), e 15 concellos. Esta área funcional ten unha extensión de 1.395 km² e conta cunha poboación a un de xaneiro de 2003 de 75.221 habitantes, o que supón que no conxunto da área funcional habita o 20,9% da poboación total da provincia de Lugo e o 2,7% da poboación galega. Esta é a cuarta área funcional menos poboada das doce áreas funcionais galegas. A relación entre extensión e poboación determina que a densidade de poboación da área funcional obxecto de estudo se sitúe en 53,9 habitantes por km², por encima da densidade do conxunto da provincia de Lugo (36,6 h/km²) e moi por debaixo da densidade media galega, que é para o ano 2003 do 93,1 h/ km². A densi-

dade de poboación da Mariña lucense sitúaa como a sétima máis densamente poboada das doce áreas funcionais nas que se divide Galicia.

O CES entende necesario destacar que o peso poboacional das tres comarcas que compoñen a área funcional analizada non é homoxéneo e que o 56% da poboación total da área funcional no ano 2003 concéntrase en catro dos seus quince concellos: Burela, Foz, Viveiro e Ribadeo.

A área funcional da Mariña lucense articúlase en torno a cinco centros de relacións funcionais intermunicipais, que son os concellos de Foz, Burela, Mondoñedo, Viveiro e Ribadeo.

No que respecta ás infraestructuras viarias e ferroviarias, as principais estradas da área funcional son a N-642, a N-

634 e a N-640, existindo unha única liña ferroviaria FEVE que une Ferrol con Oviedo recorrendo a costa norte da área funcional obxecto do informe.

Co obxecto de analiza-la realidade socioeconómica da Mariña lucense, téñense en conta unha serie de indicadores económicos e variables con incidencia na actividade económica, que, dun xeito conxunto, serven para configurar e analizar o entorno socioeconómico da área funcional.

Dentro dos indicadores económicos destaca, en primeiro lugar, a **cota de mercado**, índice que reflicte a capacidade de consumo comparativa dos concellos, expresando a participación de cada un deles sobre o total nacional en tanto por 100.000; a área funcional da Mariña lucense presenta unha cota de mercado de 182, o que representa o 2,9% da cota de mercado do conxunto de Galicia; se comparamos a área funcional da Mariña lucense con outra área funcional galega de similar poboación, como é o caso da área funcional do Deza (75.740 habitantes e unha cota de mercado de 169, o que representa o 2,7% da cota de mercado total de Galicia), observamos que con igual porcentaxe de poboación sobre o conxunto de Galicia, a cota de mercado da Mariña lucense está 0,2 puntos porcentuais por riba, o que se explica pola existencia dunha maior capacidade de consumo na área funcional da Mariña lucense.

O **índice industrial** recolle o peso relativo en tanto por 100.000 da industria da área funcional sobre o total nacional,

acadando un valor para a Mariña lucense de 398 puntos. Finalmente, dentro dos indicadores económicos, destacamos o índice de **actividade económica**, que expresa a participación en tanto por 100.000, equivalente á recadación do imposto de actividades económicas empresariais e profesionais, da actividade económica da área funcional sobre o total nacional este índice acada un valor na Mariña lucense de 186 puntos; obsérvase a correlación que existe entre a capacidade de compra (cota de mercado) e os impostos correspondentes ás actividades económicas empresariais e profesionais (índice de actividade económica).

Outros indicadores a ter en conta á hora de analiza-la realidade socioeconómica da área funcional da Mariña lucense son, unha serie de variables con incidencia económica que, expresadas en termos de magnitudes absolutas proporcionan unha idea cualitativa da área funcional. Dentro destas variables destacan, en primeiro lugar, o **número de teléfonos** existentes, como indicador do grao de desenvolvemento económico, neste senso a área funcional da Mariña lucense acolle o 2,9% dos teléfonos existentes na Comunidade autónoma, cando a súa poboación é o 2,7% do total.

Outro indicador a ter en conta é o denominado **nivel económico**, partindo da existencia de 10 niveles económicos a nivel municipal en función da renda familiar dispoñible. Na área funcional analizada o máximo nivel económico acadado é o 4, neste senso, en once dos quince concellos que compoñen a área funcional da Mariña lucense, a variación da renda

familiar dispoñible no período 1997-2002, non superou o 19%.

En relación á realidade socioeconómica analizada, a área funcional da Mariña Lucense ocupa o oitavo posto entre as doce áreas funcionais nas que se divide Galicia en canto á cota de mercado, ó índice industrial, ó índice comercial e ó índice de actividade económica. Neste senso é importante salientar así mesmo a importancia do concello de Xove no conxunto da área funcional no que respecta ó índice industrial e ó índice de actividade económica.

Emprego

Segundo as cifras oficiais de poboación publicadas polo IGE a poboación da área funcional da Mariña Lucense a un de xaneiro de 2003 era de 75.221 habitantes, os que conforman unha pirámide poboacional cun centro de gravidade alto, onde os residentes de máis de 80 anos son un 6,7% máis que os residentes menores de 9 anos. No período 1996- 2003 a poboación da área funcional diminuíu en 1.678 individuos, o que supón unha taxa de redución do 2,18%. A taxa de redución da poboación dáse en tódolos concellos da área funcional, agás en Foz, Burela, Viveiro e Ribadeo. En canto á variación que se produce no total de poboación debido a factores naturais, é dicir, o saldo vexetativo, este é negativo nas tres comarcas que compoñen a área funcional, concentrándose nesta área funcional o 2,2% dos nacementos galegos no ano 2002 e o 3,4% das defuncións. Sen embargo, a redución do saldo migratorio negativo nas tres comarcas que compoñen a área fun-

cional mitiga a perda de poboación na zona.

No que respecta ós movementos migratorios, o saldo migratorio da área funcional, resultado de restar á inmigración interior e exterior a emigración interior, é positivo, tanto para o conxunto da área funcional como para as tres comarcas que a compoñen.

No que respecta ó **mercado de traballo** da área funcional da Mariña Lucense, atendendo ós datos proporcionados polo Censo de Poboación e Vivendas de 2001, das 65.722 persoas maiores de 16 anos residentes en vivendas familiares na área funcional, a poboación activa ascende a 31.248, das que 28.174 están ocupadas e 3.074 son persoas desempregadas; neste senso, as taxas de actividade, ocupación e paro da área funcional acadan valores de 47,5, 42,9 e 9,8 % respectivamente, sendo a taxa de paro da área funcional 2,8 puntos porcentuais inferior á taxa de paro para o conxunto de Galicia no ano 2001. Neste senso, o CES entende que, aínda que a taxa de desemprego da área funcional é inferior á galega, as taxas de actividade e ocupación indican que o mercado laboral da área funcional pode catalogarse como pouco desenvolvido, e, en consecuencia, cun forte nivel de dependencia e inactividade.

No que respecta á **poboación ocupada**, destaca que dos 28.174 ocupados existentes na área funcional, o 62% son homes, e o 49,3% traballan no sector servizos, o 18,5% no sector industrial, o 13,8% no sector agrícola, o 11,7% no sector da construción e finalmente o 6,7%

no sector pesqueiro. Comparado co total galego cómpre salienta-la elevada importancia relativa dos sectores agrícola e pesqueiro e o menor peso relativo do sector servicios. Neste senso, o CES entende importante destacar que esta información sobre o mercado laboral debe ser posta en relación co feito de que a elevada capacidade de consumo, que reflicten os indicadores, contrasta cos menores índices de desenvolvemento económico, o que podería deberse, entre outros factores, á existencia de focos de economía irregular.

No que respecta á estrutura productiva das comarcas da Mariña lucense, destacar que esta non é homoxénea, así a comarca da Mariña Central e Occidental asentan un modelo terciarizado baseado na industria e nos servicios, mentres que a comarca da Mariña Oriental é fundamentalmente agrícola.

Atendendo á distribución da poboación ocupada en función da súa situación profesional, o número total de empresarios con e sen asalariados, acadou no ano 2001 as 8.186 persoas, sendo o seu peso relativo no total galego do 3,6%. A importancia relativa dos empresarios que non empregan persoal é superior á media de Galicia. Este baixo nivel de asalarización (o 70% da poboación ocupada da Mariña lucense son asalariados dos que o 65,5% teñen contrato fixo, fronte ó 76% de Galicia) podería estar relacionado co maior peso do sector primario (un 20% de emprego na área fronte ó 11% en Galicia), tanto agrario como pesqueiro, onde proliferan as situacións de emprego non asalariado.

No que concirne á **poboación parada**, esta ascendeu a 3.074 persoas, das que 2.319 xa traballaran antes e 756 están á procura do seu primeiro emprego. O 58,6% do total de persoas desempregadas da área funcional obxecto de estudio son mulleres. A área funcional da Mariña lucense acolle ó 19% do total de desempregados da provincia de Lugo e ó 2,1% do total de desempregados galegos.

Finalmente, no que respecta á **poboación inactiva**, esta ascendeu no ano 2001 a 34.474 persoas, das que o 50,5% son persoas xubiladas.

Os datos de **paro rexistrado** nas oficinas da Xunta de Galicia na área funcional, reflicten que a 31 de decembro de 2003, na área funcional da Mariña lucense o paro rexistrado ascendía a 3.209 persoas, un 12,6% superior ó rexistrado no ano 2002. En termos relativos a área funcional acolle ó 19,5% do paro rexistrado na provincia de Lugo no ano 2003. Cómpre salienta-la importancia relativa do desemprego rexistrado nas actividades de agricultura e pesca que representan o 31% e o 3,3% do paro rexistrado nestas actividades no conxunto da provincia de Lugo e en Galicia respectivamente.

Sectores productivos

O Directorio de Empresas de Galicia (Dirce) para o ano 2002 mostra a existencia na área funcional da Mariña lucense de un total de 4.486 empresas,(o 20,3% do total da provincia de Lugo), das que o 43% están localizadas na comarca da Mariña Central, o 31% na comarca da Mariña Occidental e o 25,8% restante na co-

marca da Mariña Oriental. Do total de empresas contabilizadas na área funcional, o 33% das mesmas, son empresas enmarcadas dentro da actividade de "Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas, artigos persoais e de uso doméstico", ocupando o segundo lugar en importancia en canto ó seu número, as empresas incluídas dentro da actividade de construción. Atendendo á distribución das empresas na área funcional segundo a súa condición xurídica, na área obxecto de estudo o 69,6% das empresas correspóndense con "persoas físicas" (3.129 empresas), un 21,6% con "sociedades de responsabilidade limitada" (970 empresas), un 1,3% con "sociedades anónimas" (59 empresas), un 0,4% con "sociedades cooperativas" (20 empresas) e o 6,9% restante (313 empresas) inclúese dentro do apartado de "outros".

Comparando os datos facilitados polo Dirce para a área funcional da Mariña Lucense cos datos Ardán, a mostra de Ardán acolle o 8,2% das empresas da área analizada (367 empresas seleccionadas por Ardán). É importante ter en conta que a información recollida polo servizo de información Ardán no informe sobre as actividades empresariais nesta área funcional da Mariña Lucense ten unha limitación de alcance ó referirse exclusivamente a empresas cun volume de facturación anual superior a 240.404,84 euros e das que están dispoñibles datos polo menos de dous anos consecutivos, con domicilio social dentro da área funcional. Dentro da clasificación das empresas elaborada por Ardán, destaca pola súa importancia en canto a número de empresas o complexo mar-industria (57 empresas),

o de bens de equipamento (55 empresas) e o complexo silvicultura-madeira (41 empresas); mentres que a nivel sectorial, destaca o sector primario con aproximadamente o 37% das empresas, seguido do sector da construción co 24,5% e, finalmente, do sector industrial e dos servizos co 22,6% e o 15,8% das empresas da área funcional respectivamente.

Para o conxunto da área funcional os datos proporcionados polo Dirce reflicten que a principal actividade na Mariña Lucense en canto a número de empresas é a de "Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas, artigos persoais e de uso doméstico", mentres que os datos proporcionados por Ardán presentan ó sector mar e industrias relacionadas como o máis importante dentro da área funcional en canto a número de empresas.

O conxunto da mostra de 367 empresas analizada por Ardán tivo un volume de negocio no ano 2002 de 709,2 millóns de euros, acadando un valor engadido bruto próximo ós 145 millóns de euros, do que o 36,7% pertence ás empresas do sector primario.

A relativización dos datos anteriormente sinalados en función do número de empresas, mostra que, no tocante ó volume de negocio, existen dous sectores que se sitúan por encima da media da área considerada que está en torno ós 1,9 millóns de euros, estes sectores son o industrial con 2,4 millóns de euros de volume de negocio por empresa e o sector primario con 2 millóns de euros por empresa. En relación ó valor engadido bruto a clasificación dos sectores cambia, destacando o

sector da construción e obras públicas que acada un valor engadido bruto por empresa de 0,47 millóns de euros.

A modo de resume, para o conxunto da área funcional, son os sectores primario e industrial os que, tanto en termos relativos como absolutos, teñen unha certa hexemonía dentro do panorama empresarial da Mariña lucense, namentres o sector servicios é o que amosa uns indicadores máis baixos.

Dentro do **sector primario e industriais relacionadas** englobanse as actividades relativas ós sectores agro-gandeiro, mar-industria e silvicultura-madeira.

No que respecta á actividade agrícola, o 8,1% da superficie da área funcional corresponde a terras de cultivo, sendo o principal grupo de produtos os cultivos forraxeiros; en relación á actividade gandeira, no ano 2002 o número de explotacións de vacas na área analizada ascendeu a 2.960, cunha media de 13 reses por explotación (21 e 15 reses por explotación no conxunto da provincia de Lugo e Galicia respectivamente).

En relación ó subsector forestal, a utilización máis común da superficie na área funcional, así como nas tres comarcas que a compoñen, é a de superficie forestal con 92.381 hectáreas, o que supón o 66% da superficie total da área funcional.

Un dos sectores fundamentais dentro da área funcional é o subsector pesqueiro, neste senso dentro da área funcional da Mariña lucense está localizadas dúas das catro lonxas máis importantes de Galicia

en canto á descarga de pesca fresca, estas son as lonxas de Celeiro e Burela, así a lonxa de Celeiro acadou no ano 2003 unha descarga de máis de 17 toneladas de pesca fresca, cun valor de 38,4 millóns de euros, e a lonxa de Burela acadou no mesmo ano unha descarga de 13,6 toneladas de pesca fresca cun valor de 33 millóns de euros. As principais especies descargadas nestas dúas lonxas son a pescada no caso da lonxa de Celeiro e a xarda e a pescada en canto a volume e valor respectivamente na lonxa de Burela.

Segundo os datos proporcionados por Ardán, o conxunto do sector primario na área funcional da Mariña lucense está integrado por 136 empresas que xeraron un VEB de 53 millóns de euros no ano 2002, ascendendo os seus ingresos de explotación a 272,2 millóns de euros; sendo os principais núcleos de localización das empresas do sector en canto ó volume de VEB xerado, os concellos de Viveiro e Lourenzá.

No que respecta ó **sector industrial**, e segundo os datos proporcionados por Ardán, dentro deste sector están incluídas 83 empresas, que xeraron no ano 2002 un valor engadido bruto de 33,8 millóns de euros, o que supón o 22,6% das empresas da área funcional e o 23,4% do VEB xerado na zona. En canto ós principais núcleos de localización das empresas do sector industrial, son os concellos de Burela e Viveiro.

Tomando como referencia o Directorio de empresas 2003 de Ardán, as actividades máis significativas dentro do sector "Fabricantes" nas tres comarcas que com-

poñen a área funcional son as seguintes, na comarca da Mariña Central a actividade da primeira empresa da comarca en canto a volume de facturación é a de "Construcción e reparación de buques", sen embargo a actividade máis importante da comarca en canto a número de empresas é a de "Aserradeiros de madeira". A actividade máis importante dentro do sector de fabricantes na comarca da Mariña Occidental é a de "Maquinaria e equipo industrial" que, con só unha empresa, representa o 54,2% da facturación total do sector na comarca. Finalmente na comarca da Mariña Oriental, a actividade máis representativa en canto a volume de facturación é a de "Alimentos preparados para animais sc" que con só unha empresa acolle ó 34,2% da facturación total do sector na comarca.

Dentro do sector industrial da área funcional obxecto de análise é fundamental facer referencia ó complexo de Alcoa en San Ciprián, que no ano 2003 produciu un total de 1.300.000 toneladas de alumina e 240.000 toneladas de aluminio primario, dando emprego directo a 1.380 persoas e estimándose un emprego inducido de 600 postos de traballo máis. Así mesmo hai que ter en conta as economías externas positivas que este complexo ten sobre o conxunto da área funcional.

O sector da **construcción** está composto na área funcional por 90 empresas que xeraron no ano 2002 un VEB de 43 millóns de euros, o 29,7% do VEB total xerado na Mariña Lucense no ano 2002. Os principais núcleos de localización das empresas constructoras na área funcional son os concellos de Burela e Viveiro.

Finalmente a análise do **sector servizos** da área funcional da Mariña Lucense está dividida en tres bloques, o estudio das actividades comerciais, do subsector turístico e das actividades de transporte, servizos empresariais e servizos relacionados coa saúde.

No que respecta ó comercio, no conxunto da área funcional existen no ano 2001 un total de 1.237 establecementos de comercio polo miúdo, o que significa unha media de 16,2 establecementos por cada mil habitantes, fronte á densidade comercial media de Galicia que é de 15,2. Ó longo do ano 2001, segundo datos Ardán, no conxunto da área funcional as actividades de comercio polo miúdo facturaron un total de 48,1 millóns de euros e empregaron a 279 persoas, mentres que as actividades de comercio por xunto facturaron máis de 148 millóns de euros e empregaron a 467 persoas.

No que respecta ás actividades do subsector turístico, Ardán recolle a existencia dentro da área funcional de 15 empresas que acadaron no ano 2002 uns ingresos de explotación de 11,4 millóns de euros e un valor engadido de 2,9 millóns de euros.

A modo de resumo, o CES entende necesario destacar que á análise dos sectores productivos da área funcional da Mariña Lucense reflicte a existencia de tres piares fundamentais na economía da zona, como son, por unha banda, o sector primario, o pesqueiro nas zonas costeiras e o agrario nas interiores, o comercio e finalmente o complexo industrial de alumina-aluminio en San Ciprián.

Panorama social

Os datos proporcionados polo *Censo de poboación e vivendas 2001* do IGE mostran que o 40% do total de vivendas existentes na área funcional da Mariña lucense pertencen á comarca da Mariña Central, sendo o réxime de tenza máis estendido en tódolos concellos da área funcional o de propiedade. A porcentaxe de vivendas en alugueiro nos concellos da área funcional oscilan entre o 11,4% do total de vivendas do concello de Burela ó 2,8% do concello de O Vicedo.

No que respecta ó número de membros nos fogares dos concellos da área funcional, salientar que en dez dos quince concellos que compoñen a área funcional analizada, os fogares máis numerosos son os compostos por dous membros.

En relación os **niveis educativos**, a mesma fonte estatística reflicte que das 65.722 persoas de máis de 16 anos residentes en vivendas familiares da área funcional da Mariña lucense, o 32,3% non completaron o bacharelato elemental, ESO ou EXB, un 16,3% teñen menos de cinco anos de escolarización e un 1,9% non saben ler ou escribir.

No concernente á formación profesional, un total de 5.448 persoas (o 8,3% do total) tiñan estudos de formación profesional, dos que o 64,1% tiñan un nivel de estudos de FP II, FP grao superior.

No que respecta á poboación con estudos universitarios, esta ascendía a 5.275 persoas, o que supón o 8% da poboación de máis de 16 anos residente en

vivendas familiares da área funcional.

Finalmente, destacar que a taxa de analfabetismo nas tres comarcas que compoñen a área funcional sitúase no 2, 2,2 e 1,4 nas comarcas da Mariña Central, Occidental e Oriental, respectivamente, o que supón que só a comarca da Mariña Occidental ten unha taxa de analfabetismo superior á taxa da provincia de Lugo e de Galicia, que se sitúa en ámbolos dous caso no 2,1.

No que respecta á Formación Profesional regrada, no curso 2003-2004 impartíronse na área funcional un total de 13 ciclos superiores e 24 ciclos medios; por outra banda, no eido da Formación Profesional ocupacional, o longo do ano 2003 impartíronse 89 cursos ós que asistiron un total de 1.334 alumnos, cursos que contaban cun orzamento previsto de máis de 2 millóns de euros.

O CES entende necesario destacar o feito de que as especialidades impartidas no ámbito da formación profesional non se corresponden coa especialización productiva da zona. Neste senso, deberían impartirse, entre outros, ciclos formativos de materias náutico-pesqueiras ou de construción.

Dentro do panorama social da área funcional outro aspecto importante a ter en conta é o que se refire ó **ámbito sanitario**, neste senso, o 94% da poboación da área funcional da Mariña lucense está hospitalariamente protexida polo Hospital da Costa (tódolos concellos agás o concello de A Pontenova que pertence ó Hospital Xeral-Calde). O Hospital da

Costa conta con 140 camas e 5 quirófanos instalados e ó longo do ano 2003 realizáronse un total de 104.573 consultas, atendéndose 23.704 urxencias. No que respecta á lista de espera no citado hospital, ó longo do ano 2003 había un total de 682 pacientes na lista de espera cirúrxica, cunha espera media de 52,2 días, dos que o 86,2% esperaron menos de 3 meses para ser atendidos; ás consultas externas tiñan unha lista de espera no citado ano de 27,2 días.

No que respecta ós **servicios sociais** no ámbito xeográfico da Mariña lucense, ó longo do ano 2003 o número de beneficiarios da renda de integración social ascendeu a 58 persoas, e o número de beneficiarios da axudas de emerxencia social ascendeu a 47 persoas.

Finalmente, no eido das persoas maiores, destacar que a poboación maior de 65 anos residente na área funcional ascendeu no ano 2002 a 18.573 persoas, o que supón o 24,6% do total de poboación da área funcional. Neste senso destacar que os valores na área funcional dos índices de vellez (24,6%), senectude (12,8%) e dependencia de maiores (37,7%) son superiores ós rexistrados no conxunto da Comunidade autónoma, mentres que en comparación cos valores dos índices rexistrados para a provincia de Lugo, a área funcional presenta en tódolos casos valores menores.

Tendo en conta que o *Plan Galego de Persoas Miores 2001-2006* ten como un dos seus obxectivos o incremento da rede asistencial para a atención a maiores dependentes, ata acadar unha cobertura

pública do 40%, para o que se debe contar con 1,4% de prazas públicas por cada 100 persoas maiores, e, no conxunto da área funcional o rateo prazas públicas /maiores acada o 0,76%, o CES entende que é necesario ampliar o número de prazas asistenciais ofertadas ata acadar o rateo marcado no Plan de persoas maiores e así paliar-la insuficiente dotación de servizos de atención a persoas maiores dependentes na área funcional da Mariña lucense.

Desenvolvemento territorial

As principais **infraestructuras viarias** da área funcional son a N-642 (San Cibrao-San Cosme-N-634), a N-634 (Santiago de Compostela-Asturias) e a N-640 (Lugo-Vegadeo); dentro das actuacións propostas polo Plan director de infraestructuras de Galicia 2001-2010 na área funcional analizada, destacan, en primeiro lugar, dentro das actuacións propostas sobre a rede de estradas estatal, a construción da autovía do Cantábrico A-8 no treito límite de Asturias - A-8, de 90 km de lonxitude e cun investimento previsto de 351,6 millóns de euros. A segunda das actuacións sobre a rede estatal na área funcional é a autovía de alta capacidade da Costa, no treito Barreiros- San Cibrao cunha lonxitude de 30 km e un investimento total de 57,2 millóns de euros.

No que respecta ás actuacións sobre a rede viaria autonómica, destaca a vía de alta capacidade da Costa Norte no treito San Cibrao- Ferrol, de 88 km de lonxitude e cun investimento total de 79 millóns de euros.

Dentro do Plan Director establécense tamén actuacións de mellora da rede convencional da área funcional no que respecta á accesibilidade á Mariña e zonas de montaña así como nas conexións coa autovía A-6.

Finalmente destacar a actuación de mellora de trazado do treito Cabreirós-Viveiro que reduce o seu prazo e que está prevista no Plan de dinamización económica; esta obra está actualmente licitada e conta cun orzamento para o ano 2005 de 16,4 millóns de euros e unha extensión de 31,17 km.

O CES considera que a dotación de infraestruturas viarias da Mariña lucense é claramente insuficiente e require dun esforzo inversor urxente por parte das diferentes administracións que acurte os prazos de execución previstos e teña o seu reflexo nos diferentes orzamentos, encamiñado, por unha banda, a artellar internamente o espacio comarcal unindo de forma rápida os distintos concellos, a través de diferentes medidas como o corredor horizontal Ribadeo- Viveiro e as conexións coa autovía e as vías rápidas, e, por outra banda, a conexión cos espazos nos que se inclúe a comarca, tanto cara a Asturias, como cara a Ferrol e o resto de Galicia, a través da Autovía do Cantábrico e a conexión con Vilalba.

Por outra banda, o CES entende que os plans de actuación previstos presentan un escoramento cara a unha parte da comarca (Ribadeo/ Foz/ Mondoñedo) e deixan illado o resto polo que deberían darse os investimentos necesarios para promover un crecemento harmónico de toda a

comarca. A autovía do Cantábrico leva un escandaloso atraso e obsérvase un desaxuste entre o tipos de vía que conecta Barreiros/San Cibrao e San Cibrao/Ferrol e tamén nos orzamentos previstos.

No eido das **infraestructuras ferroviarias**, o *Plan Decenal de Infraestructuras Ferroviarias de Galicia 1998-2007* recolle no marco xeográfico da Mariña lucense, unha única actuación de mantemento de vía e instalacións FEVE que conta cunha partida orzamentaria conxunta de 7,21 millóns de euros. O Plan Director de Infraestructuras de Galicia 2001-2010, prevé a actuación na liña FEVE Ferrol- Ribadeo, cun investimento conxunto de 54,88 millóns de euros.

O CES entende necesario que se realicen os investimentos e a adaptación do servizo ás necesidades da poboación da área funcional, para converter o FEVE nun elemento de transporte áxil que sirva para artellar o espacio comarcal mediante a potenciación do transporte de mercadorías e a reformulación do servizo de pasaxeiros para que se adapte ás necesidades reais da poboación.

Dentro das **infraestructuras hidráulicas**, tendo en conta o obxectivo marcado na Directiva Europea 91/271 de 21 de maio de 1991, existen actuacións nas concas dos ríos Ouro, Masma e Eo, así como na zona costeira de Lugo e na ría de Viveiro. As actuacións de saneamento dos concellos de Cervo e Mondoñedo son as únicas que están rematadas e cumprindo a Directiva 91/271, mentres que as actuacións dos concellos de Alfoz-Valadouro, Burela, O Vicedo, Ribadeo, San

Cibrao, Trabada e Viveiro non cumpren a citada Directiva.

No marco das **infraestructuras portuarias**, na área funcional da Mariña lucense existen sete portos marítimos dependentes da Comunidade Autónoma; no que respecta ó movemento de mercadorías no ano 2002 (exceptuando pesca fresca), nos portos da área funcional, o porto de Ribadeo destaca polas descargas de pasta de papel (146 mil toneladas) e area (75 mil toneladas), no porto de Burela é destacable a descarga de caolín (21 mil toneladas), nos portos de Viveiro e Celeiro destacan as descargas de cuarzo (72 mil toneladas) e, finalmente os portos de Rinlo, Foz e O Vicedo son eminentemente pesqueiros e non existen datos de descargas de mercadorías.

O CES considera necesario demanda-la necesidade de conectar os portos cas principais vías de comunicación e a dotación dos mesmos con equipamentos suficientes para a reciclaxe de residuos.

Finalmente destacar que na área funcional da Mariña lucense en 2004 existen tres **parques empresariais** operativos promovidos polo IGVS e xestionados por Xertur-Lugo emprazados nos concellos de A Pontenova, Cervo e Xove.

No marco do Plan de Dinamización económica, Plan Galicia, dentro das actuacións encamiñadas a avanzar na cohesión territorial de Galicia, na chamada área de dinamización prioritaria de Lugo-Nordeste, desenvólvense actuacións de fomento do solo empresarial, que na área da Mariña lucense concéntranse en par-

ques empresariais nos concellos de Barreiros, Foz, Viveiro, Lourenzá e Mondoñedo.

O CES entende que a oferta de solo industrial prevista na área funcional da Mariña lucense resulta axeitada ás necesidades actuais, aínda que se considera necesario accelera-la dotación de solo no concello de Viveiro, xa que non existe na actualidade e córrese o risco de perder proxectos empresariais por este motivo. ■

